



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 22 DE XANEIRO DE 2011.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE

D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE

D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE

D. Severino Álvarez Monteserín. PP

D^a María José Quindimil Suárez. PP

D. Adolfo Grobas Vázquez. PP

D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

D. Manoel Bello Salvado. BNG

Non asiste e se excusa:

D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 22 de xaneiro de 2011, sendo as dez horas e trinta minutos, na Sala de Sesións da Casa Consistorial, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 30 DE SETEMBRO, 19 DE NOVEMBRO, 3 E 21 DE DECEMBRO DE 2010.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondente ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por **unanimidade** dos membros presentes.

En consecuencia, se elevan a definitivas para a súa transcripción ó Libro de Actas.

2. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2011.

O Sr. Alcalde da conta da proposta da que o seu teor literal di:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

“PROPOSTA ó PLENO DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS RE 1/2011

D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do concello de Mesía, tendo en conta a existencia de facturas e obrigas pendentes de pago correspondentes a exercicios anteriores.

Considerando, de conformidade co disposto no artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que, nembargantes, o artigo 26.2.c) do Real decreto 500/90, en relación co artigo 60.2 do mesmo texto legal, permite imputar ó exercicio corrente as obrigas procedentes de exercicios anteriores derivadas do recoñecemento extraxudicial de créditos

Visto o informe da Intervención incorporado ó expediente.

De conformidade coa base 14ª de execución do orzamento, e os artigos 26.2.c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril propoño ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:

PRIMERO. Aprobalo recoñecemento dos créditos correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan de seguido:

| EMPRESARIO | DATA FACT. | Nº. FACT. | CONCEPTO | IMPORTE € | PART. |
|------------------------------------|------------|------------|--|-----------|-------|
| HICOSERIN, S.L. | 31/12/2010 | 20101208 | MATERIAL OFICINA | 55,57€ | 9.22 |
| HICOSERIN, S.L. | 30/11/2010 | 20101081 | MATERIAL OFICINA | 9,95€ | 9.22 |
| CENINTESER, S.L. | 31/12/2010 | A20101621 | MATERIAL INFORMATICO | 15,79€ | 9.22 |
| ARES Y PACHECO, S.A. | 30/12/2010 | F1-0005468 | MATERIAL ELECTRICO | 7,54€ | 1.22 |
| AGROFORESTAL RIVAS FERNANDEZ, S.L. | 30/11/2010 | 82 | MATERIAL (INSECTICIDA ETC) | 152,22€ | 1.22 |
| CASA ZAPATEIRO, S.L. | 31/12/2010 | 246 | IMPORTE CESTAS NADAL | 269,51€ | 3.22 |
| HIDRAULICO MECANICA SANCHEZ S.L. | 23/12/2010 | R138-151 | REVISION MANTEMENTO HIDROMEK | 1.030,91€ | 4.21 |
| SOGAMA | 30/09/2010 | 2984 | TRAMAMENTO RU MES SETEMBRO 2010 | 4.126,69€ | 1.22 |
| SOGAMA | 31/10/2010 | 3295 | TRATAMENTO RU MES OUTUBRO 2010 | 3.534,79€ | 1.22 |
| SOGAMA | 30/11/2010 | 3592 | TRATAMENTO RU MES NOVIEMBRE 2010 | 3.760,65€ | 1.22 |
| SOGAMA | 31/12/2010 | 3924 | TRATAMENTO RU MES DECEMBRO 2010 | 3.828,51€ | 1.22 |
| TALLERES NOVO, S.L. | 30/12/2010 | 162 | REPARACIONES PORTA PEATONAL PISTA POLIDEPORTIVA DE CUMBRAOS E EN ALMACEN BOADO | 571,12€ | 3.21 |
| FCO. J. PAZOS LOPEZ (FERRAXERIA A | 30/12/2010 | 365 | MATERIAL VARIOS FERRAXERIA | 973,75€ | 4.22 |



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

| | | | | | |
|--|------------|------------|---|-----------|------|
| CALZADA) | | | | | |
| MAYSA, S.L. | 31/12/2010 | 845 | MATERIAL VARIOS FERRAXERIA | 218,15€ | 4.22 |
| COBA DE VALES SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA | 31/12/2010 | 18089 | MATERIAL PARQUES E XARDINS | 32,08€ | 1.22 |
| FERUELTE, S.L. | 31/12/2010 | 2916 | MATERIAL FERRAXERIA | 1,52€ | 4.22 |
| RICOH ESPAÑA SLU | 16/12/2010 | U266438 | COPIAS FOTOCOPIADORA MODELO 3502 PERIODO DO 01/10/2010 O 31/12/2010 | 236,28€ | 9.21 |
| ASOCIACION CULTURAL REVIRAVOLTA | 30/12/2010 | 10 | ACTUACION MUSICAL FESTAS ALBIXOI | 400,00€ | 3.22 |
| INTERBANCO FOTOGRAFICO S.L. | 23/12/2010 | 58 | 1200 CALENDARIOS | 2.407,20€ | 9.22 |
| OFISERVICE | 31/12/2010 | 7170032679 | MATERIAL OFICINA | 625,95€ | 9.22 |
| PAIFER TRIAL, S.L. | 23/12/2010 | 22/12/10 | IMPORTE 6 COMIDAS | 93,00€ | 9.22 |
| CARLOS LOPEZ AYUDE | 30/11/2010 | 562 | MATERIAL OFICINA | 144,27€ | 9.22 |
| INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A. | 21/12/2010 | GC1003661 | REPARACION VEHICULO CONCELLO MATRICULA E0964GKH | 274,08€ | 4.21 |
| GABINETE INFORMATICO DE GALICIA, S.A. | 30/11/2010 | 234 | RENOVACION SERVIZOS INTERNET CONCELLO. IMPORTE ANUAL PERIODO DO 17/11/2010 O 16/11/2011 | 1.142,24€ | 9.22 |
| CARLOS CASTRO Y ASOCIADOS, S.L. | 22/11/2010 | 1235 | HONORARIOS XESTION LABORAL MES OUTUBRO 2010 | 365,80€ | 9.22 |
| CARLOS CASTRO Y ASOCIADOS, S.L. | 20/12/2010 | 1346 | HONORARIOS XESTION LABORAL MES NOVEMBRO 2010 | 365,80€ | 9.22 |
| ULLA OIL, S.L. | 31/08/2010 | 2193 | GASOLEO A PARA ALMACEN BOADO | 6.269,62€ | 9.22 |
| PROTEL SISTEMAS DE SEGURIDAD S.L. | 01/12/2010 | 3111/M | COTA MANTEMENTO ALARMA PERIODO DO 01/12/2010 O 01/12/2011 | 236,00€ | 9.22 |
| RICOH ESPAÑA SLU | 02/11/2010 | U140374 | COPIAS E MANTEMENTO FOTOCOPIADORA MODELO DSM415PF MES NOVEMBRO 2010 | 82,59€ | 9.20 |
| JM BRUNEAU ESPAÑA S.A. | 22/11/2010 | 090501 | MATERIAL OFICINA | 525,86€ | 9.22 |
| RICOH ESPAÑA SLU | 02/12/2010 | U232244 | IMPORTE COPIAS FOTOCOPIADORA MODELO DSM415PF PERIODO DO 01/12/2010 O 31/12/2010 | 82,59€ | 9.20 |
| RECLAM | 30/11/2010 | 65716 | INSERCIÓN ANUNCIO LA VOZ DE GALICIA | 269,04€ | 9.22 |



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

| | | | | | | |
|------------------------------|------|------------|------------|---|-----------|------|
| CORREOS TELEGRAFOS | Y | 30/11/2010 | 4000633820 | FRANQUEO PAGADO MES NOVIEMBRE 2010 | 376,73€ | 9.22 |
| LUFISA SERVICIOS, S.L. | | 15/11/2010 | 155 | SUBMINISTRO PARA PARQUE BIOSALUDABLE (ST-J02X PONY) | 403,56€ | 1.22 |
| ULLA OIL, S.L. | | 30/11/2010 | 7171 | GASOLEO C PARA CENTRO MEDICO DE XANCEDA | 750,00€ | 3.22 |
| ULLA OIL, S.L. | | 30/11/2010 | 3018 | GASOLEO A ALMACEN BOADO | 2.110,00€ | 9.22 |
| ULLA OIL, S.L. | | 30/11/2010 | 7288 | GASOLEO C COLEXIO DE VISANTOÑA | 1.500,00€ | 3.22 |
| OFISERVICE | | 31/12/2010 | 7170034759 | MATERIAL OFICINA | 689,49€ | 9.22 |
| OFISERVICE | | 31/12/2010 | 7170034758 | MATERIAL OFICINA | 511,65€ | 9.22 |
| LINO PORTELA | LATA | 30/04/2010 | 1 | MATERIAIS CONSTRUCION (AREA, CEMENTO) | 140,01€ | 4.22 |
| LINO PORTELA | LATA | 31/05/2010 | 2 | MATERIAIS CONSTRUCION (CEMENTO) | 55,19€ | 4.22 |
| LINO PORTELA | LATA | 30/09/2010 | 3 | MATERIAIS CONSTRUCION (CEMENTO, TUBOS E TAPA) | 325,67€ | 4.22 |
| LINO PORTELA | LATA | 29/10/2010 | 5 | MATERIAIS CONSTRUCION DE (CEMENTO) | 42,48€ | 4.22 |
| LINO PORTELA | LATA | 30/11/2010 | 8 | MATERIAIS CONSTRUCION DE (CEMENTO) | 84,96€ | 4.22 |
| LINO PORTELA | LATA | 31/12/2010 | 10 | MATERIAIS CONSTRUCION DE (CEMENTO) | 63,72€ | 4.22 |
| JOSE MANUEL LOURO LOPEZ | | 30/12/2010 | 263 | REPARACIONES MAQUINARIA CONCELLO | 229,20€ | 4.21 |
| CORREOS TELEGRAFOS | Y | 31/12/2010 | 4000650170 | FRANQUEO PAGADO MES DICIEMBRE 2010 | 1.975,06€ | 9.22 |
| RECLAM | | 30/12/2010 | 0066175 | INSERCIÓN ANUNCIO NA VOZ DE GALICIA E NO CORREO GALLEGO RELATIVO A DOCUMENTO DE ADAPTACION DO PXOM. | 670,24€ | 9.22 |
| RECLAM | | 30/12/2010 | 0066174 | INSERCIÓN ANUNCIO NA VOZ DE GALICIA RELATIVO A CONCURSO DUNHA PRAZA DE AUXILIAR A DOMICILIO | 269,04€ | 9.22 |
| GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. | | 08/11/2010 | | FACTURACION FLUIDO ELECTRICO MES OUTUBRO 2010 | 3.238,09€ | 1.22 |
| CIDE HCENERGIA, | | | | FLUIDO ELECTRICO | 1.927,30€ | 1.22 |



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

| | | | | | |
|-------------------------|--|--|--|------------|------|
| S.A. | | | ALUMEADO PUBLICO VARIOS MESES ANO 2010 | | |
| CIDE HCENERGIA, S.A. | | | FLUIDO ELECTRICO EDIFICIO CONCELLO, CASA CULTURA, LOCAL SOCIAL CUMBRAOS E TRAIDA AUGAS, VARIOS MESES ANO 2010 | 3.479,33€ | 9.22 |
| CIDE HCENERGIA, S.A. | | | FLUIDO ELECTRICO ESCOLAS, PISCINA E CENTROS DE SAUDE, VARIOS MESES ANO 2010 | 17.245,01€ | 3.22 |
| | | | TOTAIS | 68.195,80€ | |

SEGUNDO. *Aplicar, con cargo ao Presuposto do exercicio 2011 os correspondentes créditos por importe de 68.195,80 euros, con cargo as partidas 9.22, 9.21, 9.20, 4.22, 4.21, 3.22, 3.21 e 1.22 das cales realizouse a correspondente retención.*

En Mesía, a 19 de xaneiro de 2011. O Alcalde, Asdo.: Mariano Iglesias Castro."

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que, igual que outros anos, hai facturas de provedores do pasado exercicio pendentes de pago debido a que xa non había crédito na partida correspondente cando se presentaron ou ben porque se presentaron as facturas xa neste ano. Paso a palabra ós portavoces dos grupos.

Tanto o Sr. Pedreira como o Sr. Álvarez manifestan a súa conformidade coa proposta.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

3. PROPOSTA DE ADHESIÓN Ó MANIFESTO DO CONCELLO DE CURTIS A FAVOR DA PERVIVENCIA DA OFERTA E DA CALIDADE EDUCATIVAS NO MEDIO RURAL GALEGO.

O Sr. Alcalde da conta da proposta da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE ADHESIÓN Ó MANIFESTO DO CONCELLO DE CURTIS A FAVOR DA PERVIVENCIA DA OFERTA E DA CALIDADE EDUCATIVAS NO MEDIO RURAL GALEGO

D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, tendo recibido do concello de Curtis o manifesto que de seguido se transcribe, propoño ó Concello Pleno da Corporación á adhesión ó mesmo:



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

“MANIFESTO DO CONCELLO DE CURTIS A FAVOR DA PERVIVENCIA DA OFERTA E DA CALIDADE EDUCATIVAS NO MEDIO RURAL GALEGO

Esta proposta é unha chamada de atención a nivel xeral, sen desexar ir en contra de ningunha persoa en particular ou colectivo de calquera índole e sen posicionarnos politicamente. Non obstante, sí pretendemos que todos e cada un das persoas e colectivos implicados no asunto fagan a autocrítica necesaria.

Polo tanto,

DECIMOS:

É unha realidade indiscutible que o presente e o futuro de Galicia pasan porque o medio rural galego goce da suficiente saúde económica, social e medioambiental. Galicia non se pode entender sin as relacións intrínsecas que se dan entre as súas cidades e os seus pobos e aldeas, do mesmo xeito que non se pode entender sin a relación entre a súa costa e os seu interior.

O anterior, o mesmo que a idea de Galicia como “cidade única”, deben ser un obxectivo polo que debemos traballar.

Unhas das claves da saúde económica, social e medioambiental do medio rural de Galicia e da unidade necesaria para poder chegar a falar de Galicia como “cidade única” son a EDUCACIÓN e a FORMACIÓN das persoas.

A ninguén se lle pode escapar que a educación e a formación das persoas comeza nas propias familias, onde o ser humano, para ben ou para mal, ten os seus primeiros contactos con outras persoas, que son quen o iniciarán na súa inevitable e necesaria socialización. Por eso é tan importante que as familias cumpran o seu cometido, que saiban que os nenos mellor educados nas casas máis proveito darán na escola e que non deben pretender que sexan os profesores quen asuman todo o traballo.

Os profesores teñen un delicado cometido: son transmisores de coñecemento e cultura pero non deben descuidar inculcar normas de comportamento e convivencia e o respecto ós demais e ás leis, porque defender o estado democrático e de dereito debe ser tamén a súa labor e, defendéndoo, deféndense eles mesmos e o seu status.

Pais de alumnos e profesores son copartícipes dos éxitos e fracasos dos estudantes, anque éstos son os principais actores. Non ten sentido culpar do fracaso só a unha parte da ecuación nin felicitar só a unha parte no caso dos éxitos.

As administracións deben garantir a oferta e a calidade educativas no medio rural e velar polo bo funcionamento dos centros educativos. Que éstos estén ubicados no medio rural non debe ser sinónimo de deixadez por parte dos equipos directivos dos centros nin por parte das administracións que os inspeccionan. Dar clase en centros educativos do medio rural non deber ser sinónimo de comodidade para o profesorado.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Todos sabemos que hai menos de trinta anos que se dispón de oferta educativa para alumnos maiores de catorce anos no noso Concello. Antes, desprazarse tódolos días ou irse a vivir fóra para estudar era obrigado.

É certo que a construción de colexios e institutos nos anos setenta e oitenta do século pasado foi obrigada para dar cobertura educativa a os nenos nados na etapa do baby boom e que o declive demográfico actual, xunto coa crise económica, poden poñer en perigo a pervivencia de modelos educativos actuais.

Creemos que, para que a educación e formación das persoas siga sendo un dereito efectivo no medio rural galego deben darse as seguintes condicións:

- Debemos ser máis eficientes no emprego dos medios materiais e persoais, pois creemos que non debe haber profesores con só 9 horas lectivas á semana e os centros educativos poden estar mellor xestionados e utilizados, incluso con horarios de apertura e funcionamento máis extensos que poidan dar cabida a máis actividades e servicios para a comunidade

- Creemos que educación e formación deben depender do mesmo organismo e nos centros educativos pódense impartir actividades educativas para alumnos en idade escolar e actividades formativas en horarios de tarde para maiores activos ou en situación de demandantes de emprego.

- Temos que ver cal é a mellor ordenación e distribución dos ciclos de formación profesional tendo en conta as ofertas de emprego nas distintas zonas rurais de Galicia. Para isto debemos contar coa colaboración entre as administracións e as empresas e asociacións empresariais.

En realidade do que se trata é de cambiar o modelo actual, porque é necesario, por outro no que a eficiencia e o sentido do país sexan os faros que iluminen o proceso."

En Mesía, a 19 de Xaneiro de 2011. O ALCALDE, Asdo./ Mariano Iglesias Castro"

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que a proposta que se presenta é transcripción literal da que nos achegou o concello de Curtis, e que xa se levou a outros concellos como Boimorto, Oza, Sobrado ou Aranga. Ven motivado polo cerre dun ciclo de Formación Profesional no concello veciño. Independentemente da distinta valoración que nos poida merecer a cada un de nos, coido que todos coincidimos en que as administracións deben garantir a oferta e a calidade educativas no medio rural e velar polo bo funcionamento dos centros educativos. Paso a palabra á Sra. Sánchez, que lles pode precisar máis sobre esta cuestión. Toma a palabra a Sra. Sánchez, quen manifesta que eu acudín a todas as reunións que houbo en relación con este asunto pero eu non colaborei na redacción do manifesto xa que tanto eu como o equipo de goberno cambiaríamos unhas cantas cousas do mesmo. O manifesto fíxoo o Alcalde de Curtis e o que aquí se presenta é unha transcripción literal do mesmo.

Toma a palabra o Sr. Bello, quen di que o manifesto é impresentable. Este tema xa pasou e está finiquitado, e o Alcalde de Curtis é un macarra que, entre outras cousas, di que a unha persoa que teña corenta anos non se lle pode matricular. A postura do noso



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

equipo de goberno é non facer caso. No Parlamento, tanto o PSOE como o BNG xa fixaron unha postura común respecto a este asunto para que se subsanara o tema. O que non podemos é lavar a roupa sucia do Alcalde de Curtis, que vai buscando apoios en comidas con outros alcaldes. Toma a palabra de seguido o Sr. Pedreira, quen manifesta que o seu grupo está de acordo co escrito que se levou á Xunta de Goberno, pero o que hoxe se trae aquí non pasa de ser un exercicio de cinismo.

Toma de seguido a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta que non vou a entrar en consideracións persoais, xa que a cuestión importante é un problema de ratios e prazos de matrícula, e se suprime o ciclo de electricidade, ben sexa por austeridade ou porque o Pisuerga pasa por Valladolid. Independentemente do manifesto, Galicia é eminentemente rural e o noso grupo cree na importancia da formación con dignidade en un sistema educativo de calidade, e a administración autonómica debe garantir a calidade na educación. O que faga o Sr. Caínzos non me preocupa, me preocupa a educación dos rapaces.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que fago miñas as consideracións do Sr. Álvarez e non entro nas valoracións persoais do Sr. Bello, aínda que teño as miñas opinións persoais, pero este equipo de goberno, tanto coa Asociación de Pais como agora, o que miramos é de ser solidarios porque o importante no rural é o tema educativo e non entrar en cuestións persoais, polo que a nosa postura ven determinada por ser solidarios cun concello veciño e por procurar a garantía da calidade educativa, sen prexuízo de que o manifesto podería estar moito máis acertado.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, co seguinte resultado: oito votos a favor, cinco correspondentes ós concelleiros do PSdeG-PSOE, e tres correspondentes ós concelleiros do PP, manifestando os concelleiros do BNG, Sr. Pedreira e Sr. Bello que non votan, que non queren entrar a valorar a proposta.

4. MOCIÓN DO BNG PARA RETIRADA DO CANÓN DA AUGA RECOLLIDO NO PROXECTO DE LEI DE AUGAS DE GALIZA.

O Sr. Alcalde da conta da moción presentada polo BNG e rexistrada en data 29 de outubro de 2010, que literalmente se transcribe:

“Pedro Pedreira Candal e Manoel Bello Salvado, concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Mesía ao amparo da lexislación vixente presentan para o seu debate e aprobación no Pleno municipal se procede, da seguinte

MOCION PARA A RETIRADA DO CANON DA AUGA RECOLLIDO NO PROXECTO DE LEI DE AUGAS DE GALIZA

O Proxecto de Lei de Augas de Galiza aprobado polo Goberno galego substitúe o actual canon de saneamento por dous novos tributos, o canon da auga e o coeficiente de vertido. Xa no primeiro ano de



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

aplicación destes dous novos tributos, a Xunta de Galiza prevé duplicar a recadación prevista polo canon de saneamento para o ano 2010, cun incremento de preto de 35 millóns de euros. Unha persoa que viva soa e que teña un consumo medio, duns 3 m³. ao mes, verá como a carga tributaria do seu recibo da auga se incrementa en máis dun 363%; e unha familia de tres membros, con ese mesmo consumo por persoa, terá que soportar un incremento do 171%.

Esta é unha lei que foi elaborada sen consultar aos concellos galegos, sen discusión previa obviando a realidade local e a grave situación económica que se sofre no país e nos concellos sobre todo nos rurais e nas familias que viven do agro.

Suprimen as exencións existentes na actualidade para os núcleos de menos de 2.000 habitantes, prexudicando especialmente aos veciños e veciñas do rural, que terán que pagar o canon polo aproveitamento da auga dos seus propios pozos ou de traídas veciñais, do que hoxe están exentos; e ademais aínda que non teñan servizos públicos de abastecemento de auga ou de saneamento. Só no caso de que non dispoñan de ningún destes dous servizos públicos poderán aplicar a redución prevista na lei, pero aínda non tendo ningún servizo terán que tributar polo canon da auga.

Esta lei obriga a instalar contadores homologados nos pozos particulares, baixo a ameaza de multas de até 30.000 euros.

Vén ser outro incremento inxusto da imposición indirecta, que soportarán os galegos e galegas, independentemente dos seus ingresos.

Por iso, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Solicitar do Goberno galego a retirada do Proxecto de lei de Augas de Galiza e elaborar un novo proxecto de Lei que sexa sometido a consulta pública. Debendo recoller as seguintes cuestións:

- a) Cumprimento da Directiva Marco da Auga e inclusión de todos os seus preceptos.*
- b) Garantir o acceso ao ciclo completo da auga a todos os cidadáns e cidadás de Galiza en igualdade de condicións.*
- c) Garantir unha fiscalidade progresiva para a auga en Galiza que de ningún xeito supoña un incremento da carga impositiva na situación actual de crise pola vía dos impostos indirectos.*
- d) Regulación e ordenación dos usos da auga que recolla todas as peculiaridades do territorio galego e do acceso á auga de xeito que se garanta que a auga sexa un servizo universal das galegas e dos galegos.*
- e) Ter en conta unha regulación dos usos industriais da auga que garanta o uso sostíbel do recurso e unha xestión transparente do canón industrial do uso da auga.*

Mesía, 27 de Outubro do 2010."

O Alcalde cede a palabra ó Sr. Pedreira, quen manifesta que quere resaltar unha serie de cuestións en relación coa moción. Por unha banda, non se debería levar este asunto ó Parlamento sen unha discusión previa, así mesmo, esta nova normativa o que fai é prexudicar ó rural, porque a xente terá que pagar un canon polas súas traídas e non van recibir o servizo público de abastecemento nin o de saneamento, e isto, o que é, en definitiva, é un incremento da imposición indirecta.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Toma a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta que aínda ser un experto na materia, o que si sei é que a auga é un ben prezado e escaso, e nos non estamos a favor da imposición indirecta nin gravar máis ás familias, pero o que é certo é que o tema ten que regularse dalgún xeito. En todo caso, o grupo que o leva ó Parlamento está lexitimado para facelo polos cidadáns. Nós non coñecemos a fondo o asunto e ímonos abster.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que nós non somos uns expertos na materia e non coñezo a Directiva da que se está a falar, pero no que si coincido é cos outros catro puntos da moción, especialmente con garantir o acceso ao ciclo da auga a todos os cidadáns en igualdade de condicións, e tamén nos estamos en contra de que á xente se lle poña un contador no seu pozo. O grupo que o leva ó Parlamento está lexitimado pero estamos a ver todos os días que a Administración autonómica toma decisións arbitrarias. Nós apoiamos a moción porque nos parece xusta.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, co seguinte resultado: sete votos a favor, cinco correspondentes ós concelleiros do PSdeG-PSOE, e dous correspondentes ós concelleiros do BNG, absténdose os concelleiros do PP.

5. MOCIÓNS

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Non manifestándose nada ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (400/2010 a 548/2010)

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

O Sr. Pedreira pregunta polo decreto nº 498 relativo ó nomeamento do director de traballo do PXOM, respondendo o Sr. Alcalde que é unha esixencia da orde que regula a subvención do PXOM nomear a un traballador do concello cunha titulación de grado superior para coordinación dos traballos, e nomeouse ó secretario, si ben trátase dunha cuestión de carácter formal.

Non habendo máis intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 23 DE SETEMBRO DE 2010 ATA O 30 DE DECEMBRO DE 2010.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

O Sr. Pedreira pregunta porqué non se trouxo ó Pleno o acordo da Xunta de Goberno relativo ó Consello Escolar do IES de Curtis, porque parece que se lle da máis xerarquía a este de hoxe. Resposta o Sr. Alcalde que o outro levámolo á xunta de goberno porque así pedírono eles. O Sr. Alcalde da a palabra a Sra. Sánchez, quen manifesta que eu fun a todas as reunións coa APA, salvo o día do accidente de Jose, e coído que neste tema o importante é que os rapaces se sentan apoiados.

Pregunta o Sr. Pedreira por uns expedientes de reposición da legalidade urbanística na sesión do catro de novembro, un a nome do Sr. Manteiga, e outro a nome do Sr. González. Resposta o Sr. Alcalde que o primeiro é debido a unha denuncia dun veciño porque parece que se alterou o curso da auga, pero aínda está o expediente en trámite de audiencia ó interesado. O segundo arquívouse porque se fixo unha visita de comprobación e constatouse que se corrixiron as deficiencias denunciadas.

Non habendo máis intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Pide a palabra o Sr. Pedreira, quen manifesta que o outro día cheguei ós xulgados de A Coruña e fixeime en que acababa de haber un preito con este concello. Gustaríame que o Sr. Alcalde explicara en qué consistía o asunto. Resposta o Sr. Alcalde que tratábase da persoa que ata o ano dous mil dez estivo prestando os seus servizos no departamento de urbanismo, e que por razóns organizativas decidiuse prescindir dos seus servizos. Ela considerou que a relación que a vinculaba ó concello era laboral e o concello que era unha prestación de servizos. De feito, esta persoa non figuraba no cadro de persoal do concello, pero ela, polos seus intereses persoais, quería que fose doutro xeito.

Pregunta o Sr. Álvarez por unha noticia que saíu no diario ABC, e que, aínda sen coñecer a fonte, vertíame certas dúbidas, por iso pregúntolle se a Asociación Mesía Unida está inscrita no Rexistro de Asociacións Municipais. Resposta o Sr. Alcalde que non está inscrita, xa que hai que cumprir unha serie de requisitos. Pregunta o Sr. Álvarez se fixeron a solicitude, respondendo o Sr. Alcalde que si, e que estes días remitiráselles a documentación que é necesario presentar.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Pregunta o Sr. Álvarez polo lavadoiro que hai indo para a Ribeira, si é público ou privado. Resposta o Sr. Alcalde que será o lavadoiro que había, porque eu son coñecedor dun dossier fotográfico e ninguén que non o supera con anterioridade podería saber o que alí había. O caso é que o concello ensancha o viario porque o propietario permite ensanchalo e alí non había lavadoiro que, en todo caso, levaría en desuso, alomenos, trinta anos. Tampouco se prestaba servizo ningún, pero calquera pode facer demagogia.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as once horas e vinte minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,